

Ler é un bo plan!

oqueleo

Nº 2





Teatro de sombras I

Nunca tiveches ganas de facer e representar unha obra de teatro de teu? Pois agora é a túa oportunidade, ímosche explicar como:

1. **Escribe** unha historia que poidas representar con monicreques. Ten en conta os aspectos seguintes:
 - Que sexa un relato simple e curto.
 - Que cada personaxe con diálogo sexa representado.
2. A obra será **interpretada** pola **sombra** que proxecten os personaxes que fabriques. Continúa lendo e verás o fácil que é deseñar os teus propios bonecos.
3. No **escenario**, proxectaranse as sombras dos teus personaxes. Mira as seguintes páxinas e atoparás varios xeitos para elaborar un escenario de categoría.
4. Se queres ter máis público, lembra que alguén pode **gravar** a obra e distribuíla entre a familia, amigas e amigos... Non esquezas pedir que graven a túa actuación se a queres compartir.

1

**Luces, cámara...
acción!**





Teatro de sombras II

Escenografía


Ímosche propoñer unha serie de ideas para o escenario das túas obras de teatro de sombras.

Precisarás (suxerímosche tres opcións):

1. Unha cadeira





2. Unha mesa



2

3. **Unha caixa.** Cortar o seu fondo e, no seu lugar, apegar un papel branco que tape o oco. Poñer un foco de luz e colocar os personaxes entre a luz e a caixa para que proxecten a súa sombra.






Teatro de sombras III


Personaxes

Para comezar, fai unha listaxe dos personaxes que necesitas. Investiga con distintos obxectos que teñas na casa e coa sombra que estes proxectan, seguro que te sorprenderán e moitos che han parecer o perfecto personaxe para a túa obra. Tamén tes a posibilidade de fabricalos ti, coa sombra das túas mans ou recortando dunha caixa de cartón a figura que imaxines. Amosámosche varios exemplos, pero lembra, para movelos máis facilmente, é mellor apegarlle con cinta adhesiva a cada personaxe unha espeta para suxeitalo.

Obxectos que hai na casa




Figuras de cartón




3

Monicreques falangueiros que abren e pechan a boca



Outros exemplos



Que comece a función!




Minilibro

Cun único folio poderás confeccionar un pequeno gran libro.

Precisamos:

- 1 folio
- Tesoiras
- Rotuladores ou lapis de cores

1. **Dobra** o folio seguindo as instrucións dos debuxos.
2. **Debuxa e decora** a cuberta.
3. Por último, **escribe** o que queiras nas súas minipáxinas.



**Non só os libros grandes conteñen grandes historias.
Anímate a crear algo grande nun libro pequeno.**



Móbil hipnótico


Nestes días pasaches máis tempo do habitual no teu cuarto e seguro que notaches que necesita un cambio de decoración. Proba a engadir un móbil.

Precisamos:

- 1 folio
- Tesoiras
- Pegamento
- Fío ou cordel

1. **Dobra e corta** o folio seguindo as instrucións dos debuxos.
2. **Apega** un cordel e pendúrao preto dunha ventá para que o aire o mova.

5



**Respira amodo,
reláxate e deixa
que te hipnotice.**



Petisco

E na hora do taco, sé ti quen cociñe e propón un petisco orixinal e moi san.

Precisamos:

- 1 bote de garavanzos
- 1 culleradiña de pemento doce ou picante (*depende do teu aguante*)
- 1 culleradiña de allo en po
- 1 culleradiña de comiño
- 3 culleradas de aceite de oliva
- Sal

1. **Lavar** e **escorrer** os garavanzos. Secalos con papel de cociña.
2. **Prender** o forno a 200 °C.
3. **Mesturar** as especias coas tres culleradas de aceite nunha cunca.
4. **Botar** os garavanzos na cunca coas especias e mesturar ben.
5. **Poñer** papel de forno sobre unha bandexa e verter a mestura.
6. **Enfornar** a 200 °C durante uns 35 minutos.
7. Deixar **arrefriar** e botar a cantidade de sal que queiramos.

Se queres sorprender as túas convidadas e convidados, facilitámosche algunhas ideas sinxelas para a presentación. Pasa a páxina e atrévete a facer un cornete.

**Non poderás deixar
de comer!**





Como me gusta comer dun cornete!


Cun pano de mesa de papel ou con papel de cociña, fabrica un cornete moi práctico para servir os teus petiscos.

Precisamos:

- 1 pano de mesa de papel ou papel de cociña
- Cinta adhesiva ou grampadora
- Petiscos: garavanzos, flocos de millo ou froitos secos

1. **Dobra** un pano de mesa de papel ou papel de cociña coma na imaxe.
2. **Apégao** con cinta adhesiva ou grámpao para que non se desarme.
3. **Pon** dentro os teus petiscos favoritos.

7



**Xa podes picar
e ter un pano de mesa
ao mesmo tempo.**





Autora

Inés Burgos

Ilustración da cuberta

Mariona Cabassa

do libro

Al desierto por un pez

(Loqueleo, 2020)